



# REPERTORIO TABERNARIO

Luis Torres Vázquez





Edita:  
Asociación Cultural Maravallada

1.ª edición, 2012

2.ª edición, 2016

© da escolma: Luis Torres, 2016

ISBN: 978-84-617-6042-8  
Depósito legal: VG 634-2016

Edición técnica: Rita Bugallo  
Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica





## PRÓLOGO

Dizen que por eu cantar  
a vida alegre me corre.  
Eu son como o paxariño,  
canta, canta, ata que morre.

Maravallada é unha asociación cultural, nacida na cidade de Pontevedra, impulsada por un grupo de mulleres e homes comprometidos coa recuperación da música tradicional galega. A iniciativa xurdiu hai aproximadamente seis anos e dende aquela continuamos na procura dos obxectivos marcados inicialmente. Unha das actividades máis importantes é a do traballo de recuperación do xénero chamado canto de taberna. E para isto desenvólvense ao longo do ano diversas actividades, entre elas a denominada Cantos de Taberna do Concello de Pontevedra. Esta consiste



nunha intervención musical, tamén con grupos convidados, en distintas tabernas de Pontevedra os últimos venres de cada mes.

Dende Maravallada tentamos dar un punto de vista sobre o que ao noso xuízo, debe ser o canto de taberna, e para iso limitamos a participación dos grupos ao cumprimento de certas condicións de instrumentación, xa que a nosa intención é cinguirnos o máximo posible ao que era antigamente o canto realizado nas tabernas. Un canto que, pola súa condición de espontáneo, se executaba maioritariamente de xeito vocal e con unha mínima instrumentación. Polo tanto, tentamos fuxir da moda amplamente estendida polo país, do mal chamado canto de taberna, con excesiva instrumentación e incluso, moitas veces, con ausencia total de voces.

Despois do éxito da primeira edición, consideramos que este libro está a contribuír a darlle difusión ao canto de taberna e por iso, dende Maravallada, propuxémonos a publicación dunha segunda edición corrixida e ampliada do *Repertorio tabernario*.

Queremos darlle as grazas e os parabéns ao autor, o noso benquerido amigo Luis Torres, polo magnífico e encomiable traballo feito. Luis Torres sempre estivo vencellado ao eido da cultura e da música a través de distintas entidades do terceiro sector, formou parte na Estrada do grupo musical Penadona nos difíciles anos da década dos oitenta; é membro, desde o seu inicio, da Asociación e do Grupo de Música Tradicional Maravallada e colabora no deseño e realización das actividades de recuperación e difusión que se levan a cabo.

Xosé Manuel Espiño Montecelo  
Presidente da Asociación  
Cultural Maravallada

## INTRODUCCIÓN

Choveu moito dende que naquel entroido de 2008 cando comecei a xuntar cantigas en fotocopias, que despois lles regalaba aos amigos para que as cantaran nas tabernas e xuntanzas.

Logo, saíu no ano 2012 a primeira edición do *Repertorio tabernario*, editado pola Asociación de PAS da Universidade de Vigo, en colaboración coa Área de Normalización Lingüística desta universidade. Chegou a pouco..., esgotouse axiña. Pero cumpriu a función á que foi destinado: servir de guía para que cada vez que alguén se animaba a iniciar unha cantiga, puidera chegar ao seu remate, e incluso ter acompañantes que executaran ao tempo outras voces. Un manual de primeiros auxilios da cantiga nas tabernas e sobremesas familiares.

Ofréceme agora a Asociación Maravallada a posibilidade de facer unha segunda edición e eu acepto o reto. Trato nesta nova edición de mellorar aquela primeira, por iso, corrijo algunhas cantigas que, ou ben non se axustaban estritamente ao concepto de música de taberna ou ben contiñan letras potencialmente ofensivas. Ao mesmo tempo, coa utilización do libro, reparei en que había carencias, cantigas que debían estar e que nun principio, por diversos motivos, non foron incluídas.

No aspecto exterior non se aprecian cambios. Tentouse manter o formato inicial do libro porque parece o máis axeitado ao poderse transportar no peto de maneira doada.

A orde de aparición das cantigas, como na edición anterior, non se axusta a ningunha clasificación determinada, pero na parte final pódese atopar un índice alfabético de todas elas para facilitar a súa rápida localización.

Para rematar, quero agradecer á Asociación Cultural Maravallada a posibilidade que me ofrece para publicar esta segunda edición. Ademais, debo



recoñecer e eloxiar o traballo que está levando a cabo de cara á recuperación racional e posta en valor deste xénero de música, en decadencia no último terzo do século pasado, pero que grazas a entidades coma esta, renace das súas cinzas e, de seguir así, augúrolle un esplendoroso futuro.

Luis Torres Vázquez





## ○ RODABALLO

*Popular*

(Nunha lancha de Marín,  
coa proa de carballo,) [BIS]  
catro rapaces da Póboa, ai! ui ai ai, ui ai ai,  
roubaron un rodaballo,  
catro rapaces da Póboa  
roubaron un rodaballo.

(Mala chispa te coma,  
mala chispa te dé,  
mala chispa te trague, ai ai é.) [BIS]

72

(O patrón que a mandaba  
tamén era de Marín) [BIS]  
e díxolle o rodaballo, ui ai ai, ui ai ai,  
moito miras para min,  
e díxolle o rodaballo,  
moito miras para min.

Retrouso

(Foron a vendelo á lonxa,  
e con moito disimulo) [BIS]  
e quen llo foi *mercar-e*, ui ai ai, ui ai ai,  
a filla do cachirulo  
e quen llo foi a *mercar-e*,  
a filla do cachirulo.

Retrouso



(*Eiquí se acaba a historia,  
diste peixe rodaballo*) [BIS]  
que por non haber aceite, ui ai ai, ui ai ai,  
houbo que comelo asado,  
que por non haber aceite  
houbo que comelo asado.

### Retrouso

Xocaloma

73



## O VERDEGAIO

*Popular*

As penas do Verdegaio  
son verdes e amarelas,  
non me toques senón caio,  
non me rompas as canelas.

A do Verdegaio, o do ras-tras-trás,  
quero o meu amor, quero o meu rapaz,  
a do Verdegaio, o do rus-trus-trús,  
quero o meu amor, quero o meu Xesús.

74

Vai tu, vai tu, vai ela,  
vai tu *prá* casa dela,  
vai tu, vai tu, vai ela,  
vai tu *prá* casa dela.

(É do meu gosto,  
é da miña *opiniao*,  
é da madeira máis fina  
da raíz do *coraçao*.) [BIS]

*Anubía i anubía*  
*i aunque anubía* non chove,  
o meu amor está malo,  
*aunque* está malo non morre.

Oh señora Ana, señora María,  
o seu galo canta e o meu asubía.  
Oh señora Ana, o seu galo ve  
unha *latadiña* na cara do meu.



## Retrouso

Meu *caño*, meu *cañotiño*  
todos te chaman pequeno,  
a min *me pareces* grande  
co *caríño* que che *teño*.

A do Verdegaiño, o do ras-tras-trás,  
quero o meu amor, quero o meu rapaz,  
a do Verdegaiño, o do rus-trus-trús,  
quero o meu amor, quero o meu Xesús.

## Retrouso

Cantadeiras do Berbés

75





## PANDEIRETADA DE OUTES

M. Alegre e X. L. Rivas Cruz

Eu caseime no Araño,  
coa filla dun *arañón-e*;  
ela bonita non é,  
pobre si, honrada *non-e*.

Ailalelo ailalelo  
Ailalelo ailalalo-o

Heime de casar hogano,  
aunque seña co raposo,  
heille de afeitar o rabo  
*pra* que sexa *vanidoso*.

Ailalelo...

Sei *tocar-e* e sei *bailar-e*,  
tamén sei facer o tonto,  
como son fillo dun probe,  
teño que saber de todo!

Ailalelo...

O raposo vai ao monte,  
pola rodeira do carro,  
leva os ollos na cabeza  
e o cu debaixo do rabo.

Ailalelo...

[INSTRUMENTAL]





Verbo *xido*, miña *purria*,  
que *intervás* por *areona*,  
héiche de *valdrir* os zuros  
e rosmarche na *morróna*.

Ailalelo...

Son de Lugo, son de Lugo,  
e non o podo *negar-e*;  
*miraime prá* miña cara,  
o leite que podo *dar-e*!

Ailalelo...

Os amores dunha vella  
son amores dunha santa,  
desque se deita na cama  
toda a noite o cu lle canta!

Ailalelo...

Miña nai como era probe  
fixo as papas nunha ola,  
eu como son fillo dela  
o que é rico que se foda!

Ailalelo...

Fuxan os Ventos



## O GALO

*Popular*

O galo cando canta é día, é día, é día,  
o galo cando canta é día,  
imos de varanda, imos todo o día.

E como somos tan *gandules*,  
*gandules, gandules*,  
e como somos tan *gandules*  
imos de varanda de sábado a *lunes*.

E como somos da ribeira,  
ribeira, ribeira,  
e como somos da ribeira  
imos de varanda a semana enteira.

E como somos da orquestra,  
da orquestra, da orquestra,  
e como somos da orquestra  
imos de varanda de festa en festa.

E como somos os gaiteiros,  
gaiteiros, gaiteiros,  
e como somos os gaiteiros  
imos de varanda todo o ano enteiro.

E como somos os gaiteiros,  
gaiteiros, gaiteiros,  
e como somos os gaiteiros  
para ir de varanda somos os primeiros.

Os Terribles de Arousa

## SEMENTEIRA

L. Álvarez - X. L. Rivas

(Sementar, sementarei, loguiño de *crarear*  
en canto no pobo medre  
un meniño, un vello e un cantar.) [BIS]

Un meniño rebuldeiro  
que fale na lingua nai,  
que suba aos pexegueiros  
á froita verde roubar.

Retrouso

Un vello que *dé* consellos,  
un rostro de fume e pan,  
que conte contos aos nenos  
do cuco e do paspallán.

Retrouso

Un cantar de redención,  
un vello e novo cantar,  
que troque a desolación  
nun limpo e claro alborear.

Retrouso

Logo *deixaime* morrer  
entre dous regos queimados  
cando veñan os solpores  
dos homes *esfamiados*.

Retrouso [BIS]

Fuxan os Ventos



## ÍNDICE

A Carolina.....	30
A filla.....	15
A galiña e os pitiños.....	147
A miña burriña.....	144
A raíz do toxo verde.....	106
A regueifa.....	104
A Rianxeira.....	166
A roxiña do pelo.....	90
A rumboia.....	32
A Santa Lilaina.....	93
A tardiña na viúva.....	135
A vasoira.....	148
A vendima.....	109
A Virxe do Portovello.....	23
A volta da festa.....	40
Aguanta corazón!.....	53
Ai Maruxiña.....	112
Ai Rianxo.....	164
Aí vén o maio.....	86
Alalá de Padrón.....	149
Alecrín.....	171
Amor rianxeiro.....	36
<i>Apagha</i> o candil.....	22
Árdelle o eixe.....	130
Camarifas.....	175

Cantar de arreiro.....	174
Cantiga de Laiño.....	131
Cantiga de Montefurado.....	92
Cantiga de Pontevedra.....	16
Cantinelas da Fonsagrada.....	26
Cantinelas do Piepe.....	173
Carmiña, Carmela.....	63
Catro vellos mariñeiros.....	176
Dáme lume Sara.....	169
Desfeita galega.....	48
En pé.....	70
Eu <i>che darei</i> .....	87
Eu chorei chorei.....	17
Eu de Marín ausenteime.....	35
Fadinho da tia Mari Benta.....	83
Falemos galego.....	124
Festa no muíño.....	98
Fisterra.....	56
Foliada da Peroxa.....	161
Foliada de Amoeiro.....	160
Foliada de Anllóns.....	59
Foliada de Asén.....	141
Foliada de Baiona.....	57
Foliada de Barroso.....	159
Foliada de Barro de Arén.....	51
Foliada de Betanzos.....	27
Foliada de Carramales.....	137
Foliada de Carril.....	82
Foliada de Corme.....	170
Foliada de Entrimo.....	177
Foliada de Nadela.....	132
Foliada de Olás.....	24
Foliada de Pontevedra.....	114
Foliada de Portonovo.....	168
Foliada de Rebordelo.....	95

Foliada de Santiago.....	117
Foliada de Sarela.....	58
Foliada de Tenorio.....	34
Foliada de Vilaxoán.....	44
Foliada do Celta.....	38
Foliada do rueiro.....	150
Foliada mariñeira.....	84
Himno galego.....	178
Jota de Fontenla.....	142
Jota de Malpica.....	162
Jota de rondadores.....	127
Labregos.....	129
Lela.....	94
Lévame.....	126
Marica.....	20
Mariñada de Rianxo.....	55
Miña nai.....	140
Miñas cousas.....	69
Miñas cunchas.....	60
Miudiño.....	91
Muiñada.....	122
Muiñeira do Santo Amaro.....	123
Na beira do mar.....	46
Nosa Señora da Guía.....	62
O aradiño.....	154
O caneco.....	138
O estraperlo.....	21
O gaiteiro.....	18
O galo.....	78
O gato.....	54
O letreiro.....	103
O magosto.....	105
O melro.....	47
O pandeiro de Marica.....	139
O paraugas do Ghosé.....	81

O pirimpimpim.....	88
O rodaballo.....	72
O sancristán de Coimbra.....	136
O testamento do gato.....	42
O verdegaiño.....	74
O vira vira.....	120
O vivir en Vigo.....	152
Os bistéqueles.....	158
Os capadores.....	151
Os de Marín.....	116
Os mariñeiros.....	110
Os vellos.....	155
Pandeirada de Tella.....	13
Pandeirada do Grove.....	121
Pandeiretada.....	66
Pandeiretada de Outes.....	76
Para onde vas María.....	118
Pousa, pousa.....	41
Quen puidera namorala.....	61
Quen teña viño.....	65
Ribeirana.....	115
Romance da solteiriña.....	167
Ruada de Chamosa.....	100
San Benitiño.....	14
San Benito de Angoares.....	52
San Fins do Castro.....	172
San Sadurniño.....	96
Se chove.....	68
Se te casas en Ourense.....	108
Sementeira.....	79
Señor cura.....	111
Sete cuncas.....	64
Terra de maragatos.....	146
Troulada das Rías Baixas.....	43
Vaite lavar.....	156



Valse mariñeiro.....	145
Velaí vai.....	80
Vilagarcía.....	134
Viva o amor.....	128
Xa fun a Marín.....	28
Xota de Vilar.....	50

